



BOLSA DE PERSOAS
AUDITORAS DE CALIDADE
2022

FADEMGA

Plena inclusión Galicia

Facilidades para executalas on line

*



Que é a Bolsa de persoas auditoras de FADEMGA Plena inclusión Galicia?

Base de datos onde figuran os contactos de persoas auditoras internas de entidades federadas. Inscríbndose nesta bolsa, as persoas auditoras se poñen a disposición doutras entidades federadas que solicitan que os audite internamente alguén da bolsa.

En función da situación da pandemia valorarase facelas presenciais ou on line.

Para que?

- ◆ Cruzar auditorías fomentando o intercambio de coñecemento.
- ◆ Aprender do que se fai noutras entidades e identificar posibles melloras para cada entidade.
- ◆ Ensinar o que se fai en cada entidade.
- ◆ Aportar posibles melloras a outras entidades.

Como funciona?

Cada ano abrírase un prazo no que darse de alta na bolsa de persoas auditoras . Unha vez pechado, se distribuirán as auditorías en función de criterios de similitude entre servizos a auditar, proximidade das entidades e datas de auditorías externas.

Que compromisos asumo formando parte desta Bolsa?

- ◆ Ter rigor na realización da auditoría interna.
- ◆ Colaboración entre auditor/a e responsable de calidade.
- ◆ Aportar a documentación dos procesos a auditar con 15 días de antelación.
- ◆ Compromiso de confidencialidade/encargo de tratamento de datos de carácter persoal.
- ◆ Flexibilidade na planificación de datas e horarios das auditorías.

- ◆ Entrega de informe de auditoría interna nun prazo máximo de 15 días.
- ◆ Os custos derivados da auditoría serán asumidos pola entidade onde traballa o persoal que audita.

Como podo participar?

Cubrir e enviar antes do **11 de marzo do 2022** a calidade@fademga.org, os seguintes documentos:

1. A ficha de inscrición na Bolsa de persoas auditoras, que servirá para coñecer o número de participantes e para organizar os cruces de auditorías, a cal consta da seguinte información:
 - ◆ Datos persoais.
 - ◆ Información relativa a auditorías de calidade.
 - ◆ Experiencia na realización de auditorías de calidade.
 - ◆ Información referida á auditoría que se vai levar a cabo:
 - perfil de auditoría esixido.
 - alcance do sistema de xestión.
 - duración e data da auditoría interna.
 - servizos e procesos a auditar.
 - data da auditoría externa.
2. O compromiso de participación na Bolsa de persoas auditoras de calidade FADEMGA Plena inclusión Galicia. Dito documento deberá ser asinado pola persoa que solicita formar parte da Bolsa, pola persoa que representa legalmente a entidade do profesional e polo presidente da entidade de FADEMGA Plena inclusión Galicia.

NOTA: No caso de ter cuberto o compromiso de participación en anos anteriores e que non mudaran as persoas asinantes, non sería preciso volver a cubri-lo.

Para calquera consulta contactar con
Bibi ou Sandra Pampin
calidade@fademga.org
981519650

